

CONSIDERACIÓNS

Demografía

O 51,9% dos 2.732.926 habitantes que residían en Galicia a principios do 2001 (un 6,9% da poboación feminina do estado español), eran mulleres, das que un 40,6% residían na provincia da Coruña, un 33,4% en Pontevedra e o restante 13,2% e 12,6% en Lugo e Ourense, respectivamente.

Tendo en conta a distribución da poboación residente en función do tamaño do municipio, é importante salientalo feito de que o 17,5% do total de mulleres galegas viven en concellos de menos de 5.000 habitantes. Estas porcentaxes ascenden ó 44% e ó 36% nas provincias de Ourense e Lugo, respectivamente.

Na tendencia á perda de poboación que sofre Galicia nos últimos anos, na evolución máis recente, foi maior na poboación masculina que a feminina ó descender un 0,4% os varóns residentes en Galicia desde 1996, fronte a un 0,2% as mulleres.

No período 1996-2001 a poboación feminina decreceu en 3.427 mulleres, e a poboación galega total perdeu un 0,26% do seu peso sobre o total nacional.

O CES considera que esta perda de poboación explicase polo forte envellecemento que sofre a sociedade galega, aínda máis acusado no caso das mulleres que no dos homes. De feito, un 23,1% das mulleres galegas teñen máis de 65 anos, fronte a un 17,2% dos homes. Para os menores de 19 anos é a inversa: o 17,5% das mulleres teñen menos desa idade, mentres que os homes que non superan os 19 anos son o 19,9% do total. Outro dato significativo e preocupante é que hai máis mulleres en Galicia con máis de 85 anos que con menos de catro.

O envellecemento e perda de peso da poboación galega fronte á media estatal agravouse nos últimos anos á vista da evolución dos datos do número medio de fillos e fillas por muller, cifra estancada en torno ós 0,9 desde o ano 1997 ata o 2001, por debaixo da metade do reemprazo xera-

cional, mentres no estado español subiu de 1,1 a 1,2. Este preocupante índice aínda é menor no caso das dúas provincias máis orientais, sendo máis grave no caso de Ourense onde o número medio de fillos e fillas por muller no ano 2001 é menor ó que existía en 1997, o que vén confirmar a diferenza de comportamento entre o eixe costadeiros e o interior.

O CES entende que o baixo crecemento da taxa bruta de natalidade debe ser analizado dende a débil situación económica da muller, evidenciada pola incorporación tardía ó mercado laboral, polo que gran número de mulleres afronta a maternidade con máis de 30 anos de idade, o que se complementa coa necesidade de fortalecer as medidas de apoio á familia.

Da análise do dato: “número medio de fillos nados vivos no ano 1999 segundo a actividade económica”, cabe destacar que o número medio de fillos das mulleres asalariadas en Galicia é de 1, sendo o das asalariadas fixas de 1,2 e o das asalariadas temporais de 0,8. Este dato amosa que a temporalidade na contratación é un obstáculo importante á hora de ter fillos, aínda que existen outras causas que tamén producen esta situación. Ditos datos son superiores en 0,1 puntos ós do Estado. O maior número de fillos dáse nas categorías de ocupadas noutra situación (2,2) e de ocupadas por conta propia (1,9). Respecto das non ocupadas destaca o dato das xubiladas, pensionistas (2,4), outra situación (2) e labores do fogar (1,8).

O CES considera que, sen lugar a dúbidas, un dato que inflúe na maternidade é a situación laboral da muller. De feito, segundo a táboa de nacementos en Galicia no período 1998-99 segundo a profesión da nai, reflíctese que o 31,1% dos nacementos deste ano corresponden a nais dedicadas a labores do fogar, sendo o segundo grupo en importancia o das profesionais (14,5%). A alta porcentaxe de nacementos en Galicia que corresponden a nais inactivas dedicadas a labores do fogar (o devandito 31,1%) contrasta coa baixa porcentaxe de nacementos das nais activas dedicadas ó comercio (3,7%) e mesmo ós servizos (6,6%), actividades nas que a poboación ocupada feminina é maior. Esta notable diferenza pode estar relacio-

nada coa necesidade das mulleres de abandonar o mercado laboral porque as xornadas e os salarios de ditas actividades non facilitan a conciliación da súa vida laboral e familiar.

O crecemento vexetativo (defuncións – nacementos) é negativo en Galicia nos últimos anos –a diferenza do que acontece no resto do estado–, produto dunhas taxas de mortalidade moi superiores ás de natalidade. No ano 2001 rexistráronse 7,12 nacementos por cada 1.000 habitantes, fronte a 10,37 defuncións, o que dá unha diminución da poboación de 3,25 habitantes de cada 1.000. Esta situación é máis grave nas provincias de Lugo e Ourense, onde as diferenzas entre a taxa de natalidade e mortalidade exceden os 7 puntos. No estado español, no ano 2001 deuse un crecemento de 1,12 habitantes por cada 1.000.

A taxa de fecundidade amosa asemade datos preocupantes: 27,14 nacementos de cada mil mulleres en idade fértil, situándose a maior taxa de fecundidade entre as mulleres de 30 a 34 anos, seguidas das de 25 a 29. A idade media á maternidade sitúase nos 29,8 anos, sendo o número esperado de fillos por muller de 0,91.

Outra característica de Galicia son os fortes desprazamentos de poboación, que se dan tanto dentro de Galicia como cara a outras comunidades ou países, movementos de poboación motivados fundamentalmente por causas económicas. Neste contexto, o desprazamento de mulleres é superior ó de homes, tanto nos movementos dentro de Galicia como residentes do estado español, aínda que existe unha alta porcentaxe de mulleres que residen no mesmo concello de nacemento.

Por outra banda, os homes acostuman ser os que continúan a empresa agraria familiar, cando menos nos sectores máis dinámicos. Un factor que non carece de importancia é o feito de que os sectores de maior oferta laboral na zona rural, na práctica, están limitados para as mulleres, isto é, pequenas empresas de carpintería, talleres, construción... Dende esta perspectiva, podemos comprender que canto máis rural é a provincia maior concentración de mulleres hai na capital.



Situación laboral da muller

O CES considera que a situación laboral da muller no mercado de traballo en Galicia tivo unha evolución importante nos vinte últimos anos, como queda reflectido nos seguintes datos aportados neste informe:

- A primeira consideración acerca do mercado de traballo feminino galego no últimos vinte anos é, dunha banda, a perda de ocupación no sector primario dun 68 % (154.320 mulleres), maior no caso das mulleres que no dos homes (60%). O redimensionamento do sector primario, condiciona calquera análise das variables do mercado laboral feminino, tanto en comparación con cifras de ámbolos dous sexos como en comparación con outros sectores. Doutra banda prodúcese, neste período, un incremento de ocupación das mulleres na industria cun 32% (14.170 mulleres), na construción cun 638% (5.300 mulleres), salientando o ascenso no volume de poboación ocupada feminina no sector servicios dun 125% (158.370 mulleres).

- A poboación activa feminina incrementouse, neste período, un 16,8% (80.370 mulleres), cando a masculina sufriu unha caída do 0,8%. Sen embargo, a súa taxa de actividade, no ano 2001, está 20 puntos por debaixo da masculina. O 63% dos inactivos en Galicia no ano 2001 son mulleres.

- O incremento da poboación activa feminina non supuxo un incremento similar da súa poboación ocupada, que se incrementou un 5,8% (23.550 mulleres) en dito período. A evolución positiva da poboación ocupada feminina tivo un inverso reflexo territorial, mentres que no conxunto das provincias de A Coruña e Pontevedra incrementouse nun 29%, no conxunto das provincias de Lugo e Ourense diminúe un 29,1%. Salienta o incremento da provincia de A Coruña cun 77% e a diminución na provincia de Ourense cun 38%.

- Parte do incremento da poboación activa feminina trasladouse a un incremento da súa poboación parada dun 266% (56.820 mulleres), cando o incremento do paro masculino foi do 19%. A taxa de paro feminina aumentou 10,6 puntos, ata o

15,6%, no ano 2001, o que duplica á taxa de paro masculina, que medrou 1,3 puntos. O paro de longa duración, que levan máis dun ano na procura de emprego, acada o 54,2% do total de paro feminino en Galicia no ano 2001, moito máis elevado ca no caso masculino, que é do 44,5%. O 29,1% das mulleres desempregadas leva máis de 3 anos na procura de emprego, o que as deixa fóra do sistema de protección por desemprego, cando no caso dos homes é de 20,2%. Esta cifra amosa a escasa incidencia das medidas activas de emprego en Galicia no colectivo feminino.

- Respecto á evolución da situación profesional da muller cabe destacar, nos últimos vinte anos, un incremento da súa salarización, nun 150%, aínda que, en porcentaxe, segue a estar 4,3 puntos por debaixo da masculina no ano 2001. No período 1989-2001, diminúe no sector primario a situación de “axudas familiares” nun 77% (70.600 mulleres) e de autónomas nun 52% (52.400 mulleres), en contraposición aumenta a situación de mulleres asalariadas na industria do 88% (24.900 mulleres) e nos servicios do 92% (108.000 mulleres).

- A taxa de temporalidade feminina no ano 2001 foi do 35,3%, dous puntos maior que a dos homes. A evolución da taxa de temporalidade feminina manifesta no período 2000-2001 un incremento, en cambio a masculina diminúe no mesmo período. Este aspecto debe ser ponderado cos datos da ocupación sectorial da muller. O CES considera que se debería facer unha avaliación da eficacia das medidas activas de emprego, da súa incidencia na creación de emprego e na mellora na estabilidade no emprego como medida importante para conciliar a vida laboral e familiar.

- Respecto ós contratos de traballo, no ano 2001, as mulleres acadaron o 41% da contratación total. Cabe destacar o maior feminización nos contratos de interinidade (67%) e nos contratos a tempo parcial (65%).

- Nos sectores da industria e dos servicios, a ganancia media mensual das mulleres empregadas en Galicia no ano 2000, cunha diminución de 3 puntos con respecto o ano anterior, foi do 69,1%

da ganancia media mensual masculina nos mesmos sectores, cando no conxunto do Estado foi do 75,4%.

Condicións socio-sanitarias e educativas. Participación cívica

A esperanza de vida ó nacer da muller galega mellorou no período 1991-1997 un 2%, aínda que por debaixo da mellora experimentada polos homes. No ano 1997, a esperanza de vida ó nacer da muller superaba a do home en 7,4 anos.

No ano 2000 a maior porcentaxe (37%) das defuncións de mulleres galegas prodúcense por causa das enfermidades do aparato circulatorio. Foron mulleres o 58% do total dos falecidos en Galicia por esta causa. No ano 1999, as enfermidades que afectan a máis número de mulleres galegas son as enfermidades do aparato circulatorio, causas obstétricas e enfermidades do aparato dixestivo. A tuberculose afecta as mulleres galegas 6 puntos mais que a media do Estado e os tumores en 2 puntos mais.

Os casos de sida nas mulleres, que representan un 21% do total dos casos acumulados, correspóndense, nun 61%, co consumo de drogas e, nun 31%, coas relacións heterosexuais. O período 1985-1995 creceron os casos, ata un máximo de 83. No período 1996-2001, os casos rexistrados diminúen ata os 18.

Galicia sitúase por debaixo da media da súa poboación feminina co respecto o Estado (6,9%), tanto no referente ás denuncias por malos tratos (5,3%) como nos delitos de abuso, acoso o agresión sexual (4,2%).

Con respecto ás condicións educativas das mulleres en Galicia, cabe sinalar que a taxa neta de escolaridade da muller en Galicia, en ensinanzas de réxime xeral non universitarias, é superior ou igual ó do Estado en tódolos tramos de idade, agás no dos 14 anos. A porcentaxe de mulleres que completan ós doce anos a educación primaria supera en sete puntos á dos homes, aínda que se mantén por debaixo da media do estado. Sen embargo, dita porcentaxe é inferior en dezaoto

puntos no caso das mulleres que acaban o 4º de ESO con 15 anos.

O alumnado feminino de COU e de Bacharelato supera ó masculino nas modalidades biosanitarias, de ciencias sociais e humanístico-lingüística, sen embargo está a 25 puntos por debaixo do alumnado masculino na modalidade científico-tecnolóxica. As mulleres acadaron, no curso 2000-2001, o 57% do alumnado matriculado nas universidades galegas.

Cabe destacar, por último, respecto á participación cívica das mulleres, as 508 asociacións inscritas cun ámbito de actuación relacionado coa muller, salientando as agrupacións de mulleres rurais.

A protección social

As pensións contributivas da Seguridade Social dan cobertura, aproximadamente, a unhas oitenta mil mulleres en Galicia. A análise por tipo de prestación reflicte que corresponden a mulleres ó redor do 93% das pensións de viuvez, o 33% das pensións de xubilación e o 30% das pensións por incapacidade permanente.

Se ben é certo que non existen diferencias nas prestacións contributivas en función do sexo do titular, non se pode obviar que as diferencias salariais e de “vida laboral” entre homes e mulleres dan lugar a prestacións con contías moi diferentes.

As pensións non contributivas en Galicia dan cobertura, aproximadamente, a unhas trinta e nove mil mulleres. Por tipo de prestación, corresponden a mulleres ó redor do 84% das pensións de xubilación e o 60% das pensións por incapacidade permanente. As pensións asistenciais dan cobertura en Galicia, no ano 2001, a 790 mulleres, o que supón o 71% do total destas prestacións. O total de mulleres beneficiarias da LISMI acada, no ano 2001, as 3.517, o que representa o 72% do total destas prestacións.

Respecto á protección social da muller no sector do marisqueo, o Consello, no seu *Informe 2/01, sobre a Situación e perspectivas do sector do*



marisqueo a pé en Galicia, aprobou a seguinte consideración:

- “Tendo en conta que os traballadores da actividade do marisqueo a pé son un colectivo maioritariamente composto por mulleres, de idade avanzada, cuns ingresos baixos –ó redor da metade do SMI– e que a maior parte das traballadoras comezou a cotizar á Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, como traballadores autónomos, dende o ano 1999, o CES considera que é un colectivo especialmente sensible e necesitado dunha actuación clara encamiñada a garanti-la súa protección social, durante o desenvolvemento da súa actividade, á vez que garanta unhas prestacións dignas unha vez rematada a súa idade laboral”.

O CES considera que o colectivo da muller é o que ten unha porcentaxe maior de persoas que viven en situación de necesidade permanente, o que se denomina de forma xeral “feminización da pobreza”. Esta pobreza presenta peculiaridades propias de Galicia, condicionada por un contexto socioeconómico da poboación propio e caracterizado pola persistencia de bolsas de “pobreza difusa” na zona rural pero, á súa vez, xurdindo novas bolsas de pobreza nas zonas urbanas. Unha aproximación á pobreza feminina pódese percibir analizando as prestacións da RISGA, que deron cobertura, no ano 2001, a 2.945 mulleres, o 68% do total destas prestacións, e as Axudas de Emerxencia Social, que atenderon a 841 mulleres, o 69% do total das axudas. Dunha análise da prestación da RISGA cabe considerar que o 69% das mulleres que reciben esta prestación non viven con parella, o 55% constitúen familia nuclear e o 90% son paradas sen subsidio.

Políticas sobre a muller

A incorporación da muller ó mercado de traballo motivou profundos cambios sociais nos últimos anos, ó que obrigou ó establecemento de medidas para o apoio á familia e de conciliación entre a vida familiar e laboral. Dita incorporación configura novas relacións sociais xurdidas e un novo xeito de cooperación e compromiso entre mulleres e homes que debe permitir un reparto equilibrado das responsabilidades na vida profesio-

sional e na privada. O CES considera necesario afondar en todas aquelas medidas que teñan como obxectivo lograr unha maior flexibilidade nas modalidades de contratación e nos tempos de traballo para que homes e mulleres poidan facer fronte ás súas responsabilidades familiares, sempre que xurda do acordo entre traballadores e empresarios.

O CES considera necesario intensificar as políticas de conciliación da vida familiar e laboral, e de protección económica directa ás familias como estratexia fundamental para acadar a igualdade entre homes e mulleres e como instrumento imprescindible de cara a atinxir a eliminación de toda sorte de discriminacións directas e indirectas.

O CES estima oportuno reiterar, neste Informe sobre a situación socioeconómica da muller en Galicia, as seguintes consideracións que, sobre as políticas de conciliación da vida familiar e laboral e sobre a igualdade entre homes e mulleres, aprobou no seu *Informe-opinión 2/01, sobre o Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases)*:

- “Dentro da área de incentivos á maternidade/paternidade, a Oficina Estatística Europea (Eurostat), no seu informe sobre protección social en Europa 1991-2000, advirte que España é o país europeo que menos recursos económicos destina á familia. A porcentaxe dos gastos sociais que España destina á familia/nenos é do 2,7% do total, sendo o país europeo cunha menor porcentaxe, lonxe da media europea que se sitúa no 8,2%. A entrada en vigor da Lei de conciliación da vida familiar e laboral (1999) supuxo un avance notable no sistema de prestacións á maternidade, ó amplialos prazos de protección e establece-la nova prestación por resgo de embarazo. O CES considera necesario que se incrementen as axudas ás familias, para converxer ca media europea, a través das prestacións económicas de pago periódico por fillo a cargo, da prestación económica de pago único por nacemento de terceiros e sucesivos fillos ou parto múltiple, que son as que realmente cobren a continxencia da dificultade de crianza dos fillos”.

O CES no seu *Dictame 1/03, sobre o Anteproxecto da Lei galega para a igualdade do*

home e da muller, aprobou as seguintes consideracións que estima necesario reiterar:

- “O CES entende que se debería de posibilita-la reciclaxe profesional das mulleres que deixaron de traballar por coidado de persoas dependentes, así como ofrecer un compromiso de inserción laboral.

- O CES considera que a Administración Autonómica debería en primeiro lugar realizar un estudio sobre os motivos da violencia de xénero para poder tomar medidas para a súa erradicación, e, por outra banda, promover programas de inserción sociolaboral individualizados para mulleres vítimas de malos tratos que posibiliten a incorporación efectiva das mesmas ó mercado laboral, dentro destes programas debería incluírse como elemento primordial a dotación de vivendas para mulleres que sofren malos tratos.

- O CES entende que ademais de manter a política de "custo cero", deberíase establecer unha liña de axudas que supoña, por un lado, a cobertura de cotizacións á Seguridade Social e o desemprego e, por outro lado, unha prestación do 75% do SMI durante o período de excedencia para o coidado dos fillos e fillas e persoas dependentes. No caso do coidado dos fillos e fillas a prestación poderíase iniciar a continuación da baixa por este motivo.

- O CES considera que deberían de igualarse os tempos dos permisos de maternidade/paternidade cos de adopción.

- O CES entende que, o dereito dos traballadores e traballadoras a goza-lo período de vacacións nun momento distinto ó permiso de maternidade/paternidade, cando ámbolos dous coincidan no tempo, sen que en ningún caso poida entenderse que o período de vacacións poida quedar incluído durante o aproveitamento do período de baixa.

- No que respecta á ordenación do tempo de traballo, o CES considera necesario harmonizar os horarios laborais, escolares e de garderías, de maneira que sexan ó máximo compatibles; amplía-os horarios da rede pública de garderías; establecer incentivos ás empresas que inclúan nos seus convenios colectivos acordos sobre a flexibilidade dos horarios en función das necesidades

familiares, en especial, aproximando ó horario laboral co horario educativo; e establece-la apertura das escolas fora do horario escolar, con actividades extraescolares preferentemente gratuítas, dirixidas ós nenos, impartidas por profesionais no desemprego, exclusivamente dirixidas a nenos con pais que traballen nese horario.

- O CES entende que as subvencións directas ó empresariado feminino, non deberían centrarse exclusivamente en cooperativas, sendo recomendable amplia-las a todo tipo de forma xurídica de empresa constituída por mulleres.

- O CES entende que debería establecerse o fomento da contratación de mulleres desempregadas para cubrir postos de traballo por permisos de maternidade/paternidade.

- O CES considera que deberían introducirse incentivos ó emprego de mulleres maiores de 45 anos sen emprego anterior, así como de mulleres que deixaron o seu traballo por coidado de fillos ou persoas dependentes.

- O CES entende necesario introducir unha aposta decidida pola consecución de melloras nas carencias sanitarias, servicios educativos, medios de transporte, a atención de nenos, persoas maiores, infraestructuras en xeral, e en particular medidas concretas para fomentar a igualdade de oportunidades das mulleres labregas.

- O CES manifesta a necesidade de fomento, con axudas directas e positivas, de fórmulas xurídicas que impliquen a figura da cotitularidade nas explotacións agrarias nas que, ó lado do titular masculino, traballe a muller; de xeito que, se por diversas circunstancias estes decidiran continuar a súa vida por separado ou se producise o falecemento do titular masculino, a muller tivese recoñecida a súa participación paritaria nos dereitos, cotas, animais..., en definitiva en todos os bens que posúe a explotación.

- O CES considera que cómpre eliminar todas as trabas legais e normativas (Lei 19/1995) que actualmente impiden que as mulleres sexan titulares de explotacións de nova constitución ou herdadas dos seus proxenitores se o seu cónxuxe xa é titular de outra explotación.



- O CES entende que se debería propoñe-lo cambio do Artigo 2º do Decreto 3.772/72 de 23 de decembro, polo que se aprobou o Réxime Especial Agrario, que dificulta o acceso das mulleres á Seguridade Social. Resulta fundamental o mantemento dunha Seguridade Social Agraria alcanzable como instrumento imprescindible para o fundamental dereito a dispor dunha cobertura sanitaria propia, a percibir unha renda por xubilación, á dignificación, en definitiva, das condicións de vida das mulleres do agro; equiparando as prestacións e coberturas coas de outros sectores”.

Alguns dos principais problemas que as mulleres teñen dende o punto de vista socioeconómico son os altos niveis de segregación laboral por sexos e a insuficiente existencia de servizos sociais de calidade e alcanzables para a atención dos fillos e das persoas dependentes. A todo isto hai que engadir os factores socioculturais que condicionan as súas opcións formativas e de ocupación, dificultando o acceso o emprego, a súa permanencia e desenvolvemento profesional. ■

